



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2020/G003/000582

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. APERTURA
PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN (EXPDTE. 2020/C003/000012)

EXPEDIENTE: 2020/G003/000582

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Expediente de contratación por procedemento aberto, art. 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), tramitación ordinaria, do contrato de obras: **“SUBSTITUCIÓN EDAR LAVANDEIRA POR BOMBEO, POULO” (Expdte. 2020/C003/000012).**

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que deben rexer a contratación, o certificado de existencia de crédito e evacuados os informes de Secretaría e de fiscalización previa da Intervención, como obran no expediente.

Visto o informe do técnico redactor do proxecto das obras xustificativo da non división en lotes do obxecto do contrato [art. 99.3.b da Lei 9/2017, de 8 de novembro, (LCSP)].

Visto o disposto nos arts. 13, 116, 117, 131 e 156 a 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, (LCSP).

No uso das atribucións conferidas pola disposición adicional segunda, apartado 1º da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), **RESOLVO:**

1º.- Aprobar o proxecto técnico das obras “Substitución EDAR Lavandeira por bombeo, Poulo”, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, c. e p., cun orzamento base de licitación 103.023,11 € (ive incluído).

2º.- Non dividir en lotes o investimento obxecto deste contrato.

3º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer a contratación por procedemento aberto, tramitación ordinaria, das obras “SUBSTITUCIÓN EDAR LAVANDEIRA POR BOMBEO, POULO”.

4º.- Aprobar o expediente de contratación, aprobar o gasto con cargo á partida 160.623.00 do vixente orzamento municipal, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación por procedemento aberto, tramitación ordinaria das obras **“SUBSTITUCIÓN EDAR LAVANDEIRA POR BOMBEO, POULO”**, por importe de **103.023,11 € (85.143,07 € prezo + 17.880,04 € iva)**.

En Ordes, 26-08-2020

A Alcaldesa en función
(Decreto delegación competencias de data 14/08/2020)

Ana Soneira Liñares

O Secretario

Juan Luis González Iglesias